



*Entidade Local Menor  
de Bembrive*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL NÚM. 8/2020, DO DIA 29 DE  
OUTUBRO DE 2020**

Na sede da Entidade Local Menor de Bembrive, sendo ás vinte horas e cinco minutos do xoves día 29 de outubro de 2020, previa convocatoria de sesión ordinaria realizada pola Alcaldía mediante Resolución de 26 do mesmo mes, reúnese a Xunta Veciñal, baixo a Presidencia do Alcalde-Pedáneo, D. Marcos Castro González, asistindo os seguintes vocais:

D <sup>a</sup> . Patricia Otero Carrera	PSdeG – PSOE
D. José González Domínguez	PSdeG – PSOE
D. Manuel Costas Costas	PSdeG – PSOE

Non asiste a vogal D<sup>a</sup>. Antía González Fernández, do PSdeG – PSOE, que excusou a súa ausencia por motivos laborais.

Asiste á sesión, en calidade de secretaria da Corporación, D<sup>a</sup>. Patricia Alvarellos Leis.

O obxecto da sesión é o tratamento e resolución dos seguintes puntos da

**ORDE DO DÍA**

**I. PARTE RESOLUTIVA:**

1. **Acta anterior:**  
- Núm. 7/2020, do 24 de setembro de 2020.
2. **Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago de tres facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2020 43 por un importe total conxunto de 1.014,7 €.**
3. **Proposta da Alcaldía sobre o expediente de Recoñecemento de Créditos núm. 6/2020 por importe total de 2.027,8 €.**
4. **Subvencións. Concesión de subvención prevista nominativamente nos orzamentos (Expte 70/2020).**
5. **Proposta de aprobación da II addenda do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”.**

**II. PARTE DE CONTROL:**

6. **Resolucións da alcaldía – pedanía.**
7. **Rogos e preguntas.**

-----  
Ábrese a sesión polo Sr. Alcalde Pedáneo á hora arriba indicada.

Acto seguido, procédese ao tratamento dos puntos da ORDE DO DÍA:

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## Entidade Local Menor de Bembrive

### 1. Acta anterior: Núm. 7/2020, do 24 de setembro de 2020.

Sometida á consideración da Xunta Veciñal o borrador da acta da sesión citada, distribuída coa convocatoria desta sesión, e ao non producirse intervencións, declárase aprobada por unanimidade dos asistentes.

### 2. Proposta da Alcaldía de levantamento do reparo suspensivo para o pago de tres facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2020 43 por un importe total conxunto de 1.014,7 €.

Pola Presidencia dase conta do informe-proposta da Alcaldía - Pedanía emitido o día 26.10.2020, co seguinte contido:

*“En relación ao expediente de pagamento das facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2020 43 por un importe total conxunto de 1.845,39 €, emítase proposta en base aos seguintes*

#### ANTECEDENTES DE FEITO

*PRIMEIRO. – Vista a necesidade de pagamento das facturas incluídas na relación de xustificantes de gasto núm. 2020 43 correspondentes aos xustificantes de gasto que a continuación se enumeran por un importe total de 1.845,39 €.*

Núm. fra.	Data fra.	Data rexistro	Núm. Xust. Gto	Terceiro	Importe (€)*
28812	30.04.20	14.05.20	2020 66000110	B36397867	936,41
2454	31.07.20	11.08.20	2020 66000229	B36174761	612,33
202095	31.08.20	16.09.20	2020 66000277	35541851C	296,65
<b>TOTAL</b>					<b>1.845,39</b>

\*IVE incluído

*SEGUNDO. - Que o 26 de outubro de 2020 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora interpoñendo reparo suspensivo por carecer de consignación orzamentaria en algunhas aplicacións orzamentarias ao nivel de vinculación xurídica ás facturas que a continuación se relacionan polas prestacións e importes indicados, que obra no expediente.*

Núm. fra.	Data fra.	Núm. Xust. Gto	Terceiro	Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe (€)
28812	30.04.20	2020 66-110	B36397867	Motoserra podadora profes. Maruyama	153.623	366,15
2454	31.07.20	2020 66-229	B36174761	Motoserra Stihl	153.623	351,90
202095	31.08.20	2020 66-277	35541851C	Soplador Stihl	153.623	296,65

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## Entidade Local Menor de Bembrive

TOTAL	1.014,7
-------	---------

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - TRLRFL-.

- RD 424/2017 do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

Por elo, visto o informe da secretaria-interventora de data 26 de outubro de 2020 que obra no expediente, dispoño que pase este para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO.** – Levantar o reparo suspensivo interposto pola Secretaria-Interventora.

**SEGUNDO.** – Tramitar a modificación de crédito correspondente na modalidade de transferencia de crédito.

Non obstante, a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente”.

.....

### Motivos da interposición de reparo recollidos no Informe de Intervención do 26.10.2020:

**PRIMEIRO.-** Exposición dos incumprimentos normativos.

Trátase, en todos os casos, de contratos menores, e decir, aqueles que poden adjudicarse directamente a un terceiro, omitindo os principios de publicidade e concurrencia, de conformidade coa Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) en vigor dende o 9 de marzo de 2018, aplicable en todos os seus termos a ELM de Bembrive.

Así o artigo 118 señala o seguinte:

“Artigo 118. Expediente de contratación en contratos menores.

1. Considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

2. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado anterior.

3. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

4. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## Entidade Local Menor de Bembrive

5. O disposto no apartado 2.º deste artigo non será de aplicación naqueles contratos cuxo pago se verifique a través do sistema de anticipos de caixa fixa ou outro similar para realizar pagos menores, a condición de que o valor estimado do contrato non exceda de 5.000 euros.
6. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.”

Desta regulación podemos extraer as seguintes conclusións sobre os requisitos procedimentais obrigatorios:

- ➔ A limitación cuantitativa para este tipo de contratos en función do seu valor estimado, según o disposto no artigo 101 da LCSP (Valor Estimado inferior a 15.000 € para contratos de servizos e subministros e 40.000 € para contratos de obras, IVE excluído) e temporal (non pode ter unha duración superior a 1 ano nin ser obxecto de prórroga).
- ➔ Informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato.
- ➔ Poden adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e coa habilitación profesional necesaria.

A Instrucción 1/2019, de 28 de febreiro, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación -OIRESCON-, de acordo co principio de competencia, e como medida anti fraude e de loita contra a corrupción, esixe que o órgano de contratación solicite sempre tres orzamentos, independentemente da contía do gasto previsto, si ben a doutrina recente ao respecto (entre outros, Informe 2/2019, de 13 de xuño de 2019, da Xunta Superior de Contratación Administrativa da Generalitat de Valencia; Circular 1/2019, de 4 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Contratación, Patrimonio e Organización, do Goberno de Aragón, sobre o ámbito de aplicación da Instrucción 1/2019) entende que non é obrigatorio para as Entidades Locais, si o entendemos recomendable.

- ➔ A xustificación do órgano de contratación de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

Esta obriga de xustificar no expediente de que non se altera o obxecto do contrato está vinculada á prohibición recollida no artigo 99 da LCSP, isto é, ao fraccionamento ilícito dun contrato coa finalidade de evitar o emprego doutro procedemento que requirise publicidade e concurrencia. Isto, en esencia, tradúcese en que as obras constitúan unidades funcionais independentes, que se poidan destinar directamente ao uso público, e que os servizos e subministros se destinen a atender a necesidades puntuais ou esporádicas e non repetitivas no tempo.

- ➔ A aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Conforme ao disposto na Disposición Adicional 3ª.4 da LCSP, nos municipios de menos de 5.000 habitantes – como é o caso da Entidade Local Menor de Bembrive –, a aprobación do gasto poderá ser substituída por unha certificación de existencia de crédito expedida pola Secretaría-Interventora.

- ➔ Publicidade no perfil do contratista (na páxina web da Entidade Local, que haberá de estar aloxada na plataforma de contratos do sector público ou na da correspondente Comunidade Autónoma -art. 347-) cunha periodicidade, como mínimo, trimestral, dos contratos menores celebrados, obriga que xa viña recollida na Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo Goberno, e que agora incorpora con maior detalle a LCSP no seu artigo 63.4:



## Entidade Local Menor de Bembrive

*“4. A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información para publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario. Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior, aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa fixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores”.*

**SEGUNDO.-** *Descrición detallada do gasto, que é obxecto de reparo polos seguintes motivos:*

*A posta en disposición a esta Intervención do expediente que aquí nos ocupa non cumpre os requisitos mínimos anteriormente mencionados, xa que non existe consignación orzamentaria nas partidas correspondentes ao nivel de vinculación xurídica definido na Base 6ª dos Orzamentos da ELM de Bembrive e non constan informes do órgano de contratación motivando a necesidade dos contratos nin a aprobación dos gastos ou certificación de existencia de crédito.*

*Os contratos menores non están sometidos a fiscalización previa según o art. 219 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL). Por este motivo, esta Intervención non tivo ocasión de comprobar o cumprimento de que a Entidade actuou en exercicio das súas competencias (art. 163 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia), nin sobre a existencia da previa autorización do gasto a realizar.*

*A contratación levada a cabo determina un suposto de contratación irregular, na medida que a prestación obxecto deste expediente se leva a cabo sobre a base dunha contratación verbal, a cal está expresamente prohibida polo artigo 37.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa excepción dos supostos previstos para a tramitación de emerxencia a que se refire o artigo 120.1 do devandito corpo legal, que non é de aplicación ao contrato de referencia.*

*Esta contratación verbal consiste no encargo desta prestación prescindindo total e absolutamente do procedemento e das formalidades establecidas na LCSP.*

**A) Observacións:**

*- As facturas obxecto deste expediente veñen dilixenciadas de conformidade coa prestación realizada que se describe nos respectivos documentos, en canto a calidade, cantidade e prezo, polo Alcalde-Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive.*

*-Según os datos contados na base de datos de contabilidade desta Entidade Local, na actualidade existen por diversos motivos alleos a esta Intervención un elevado número de facturas dos exercicios anteriores que se atopan pendentes de conformidade, tramitación, aprobación e posterior pago, e outras pagadas pendentes de aplicación ao orzamento, e que teñen máis antigüidade que as que constan neste expediente, e que por tanto debían ser preferentemente tramitadas e aprobadas, conforme ao Plan de Disposición de Fondos (BOP do 17.02.2014), que está vixente na actualidade e as normas xerais, debendo seguirse a orde cronolóxica de incoación dos expedientes, a cal é a data de rexistro da factura.*

*Esta forma de actuar supón unha vulneración sistemática do disposto no artigo 187 do TRLRFL que establece que á hora de realizar a expedición das ordes de pago, terán prioridade as obrigas contraídas nos exercicios anteriores, así como da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, que recolle a necesidade de tramitar os expedientes administrativos de gasto pola data de presentación de factura no rexistro correspondente.*

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020





## Entidade Local Menor de Bembrive

Compre lembrar que unha situación de dilatación no pago das facturas, así como as numerosas reclamacións de cantidades existentes nos Xulgados pode dar lugar a consecuencias económicas e orzamentarias que causen quebrantos avaliábelles economicamente á Entidade Local Menor de Bembrive, que, a súa vez, poden dar lugar a responsabilidades persoais da Entidade esixibles conforme ao disposto no art. 36 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A estes efectos, lémbrese a necesidade de tramitar e pagar as facturas dentro do prazo legal establecido na vixente Lei de Contratos, xa que, entre outros motivos, a demora nos pagos supón a obriga de satisfacer xuros de mora consonte ao disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade.

C) *Carácter e efectos dos reparos formulados:*

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, procede formular reparo suspensivo, conforme ao disposto nos artigos 216 a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, por insuficiencia de crédito e omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais que dan lugar a nulidade do acto administrativo, en virtude do artigo 39.1 da LCSP que remite ao art. 47.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPACAP) e art. 39.2.b) da LCSP.

O citado reparo ten carácter suspensivo e corresponde á Xunta Veciñal resolver a discrepancia de conformidade cos artigos 217.2.a) do TRLRFL e 15.2.a) do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local.

Non se producen máis intervencións.

**ACORDO:** Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos catro membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

### **3. Proposta da Alcaldía sobre o expediente de Recoñecemento de Créditos núm. 6/2020 por importe total de 2.027,8 €.**

Polo Alcalde-Pedáneo dase conta do informe-proposta de Alcaldía de data 26.10.2020, co seguinte contido:

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.** - *Examinada a relación de xustificantes de gastos núm. 2020/21 (duas facturas por un importe total de 2.027,8 €) que se recollen no listado que se adxunta, comprobouse que corresponden a servizos realizados correctamente ao longo do ano 2019 polo que procedería o recoñecemento das obrigacións económicas delas derivadas, así como o seu posterior pagamento en cumprimento do principio do non enriquecemento inxusto, tal e como se indica na memoria emitida polo Alcalde-Pedáneo con data 23 de Outubro de 2020.*

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## Entidade Local Menor de Bembrive

As anteditas facturas non foron aprobadas nin imputadas ao orzamento do ano no que se executou o gasto por diversos motivos.

Posto que se trata de servizos realizados nun exercicio anterior, consonte a normativa reguladora da facenda local o mecanismo axeitado para a súa aprobación e pagamento é a inclusión nun expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por conta das aplicacións orzamentarias do ano 2020.

SEGUNDO. – Que mediante providencia de Alcaldía-Pedanía de 23 de Outubro de 2020 viuse a necesidade de tramitar un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

TERCEIRO.- Que con data 26 de Outubro de 2020 emitiuse informe por parte da secretaria-interventora, que obra no expediente.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 163, 169.3, 173.5, 176 a 179 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Artigos 25.1, 26.1, 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Por isto, visto o informe da secretaria-interventora que obra no expediente, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. - Tomar conta das observacións feitas pola secretaria-interventora no seu informe de data 26 de Outubro de 2020, que consta incorporado ao expediente, e levantar o reparo suspensivo correspondente.

SEGUNDO. – Esta Alcaldía proponlle á Xunta Veciñal que adopte, se procede, o seguinte ACORDO:

Aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 6/2020 a efectuar ao abeiro do artigo 60.2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril, que se detallan nos documentos anexos que se incorporan á presente proposta, por un importe total de 2.027,8 euros, correspondentes aos exercicios seguintes:

Facturas tramitadas no expediente de REC núm. 6/2020		
Número factura	Data factura	Importe (€)
S194114	31.10.2019	483,69
A2020/A/32	12.05.2020	1.544,11
<b>Total</b>		<b>2.027,80</b>

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## Entidade Local Menor de Bembrive

TERCEIRO. - Aplicar, con cargo ao orzamento do exercicio 2020, o correspondente crédito con cargo ás aplicacións presupostarias correspondentes”.

.....

O expediente conta co informe da Secretaría Intervención emitido o 26.10.2020, cuxas conclusións son as seguintes:

*Primeira. – As prestacións amparadas nas facturas incluídas no presente expediente foron obxecto dunha contratación irregular, na medida en que foi adquirida sen control previo por parte da Intervención desta Entidade e, polo tanto, sen verificar a existencia de crédito orzamentario no momento de realizar o encargo da prestación correspondente, o que supón, conforme ao disposto na normativa sobre contratación, a nulidade absoluta ou de pleno dereito da relación negocial entre a Entidade Local Menor de Bembrive e as persoas ou entidades prestadoras dos servizos de referencia. A estes efectos, cabe mencionar que a infracción dos preceptos contados na LCSP atópase tipificada como falta moi grave na normativa vixente, incurrindo as autoridades e persoal responsables das actuacións de carácter irregular en responsabilidades de diversa índole tal e como se ten exposto no presente informe.*

*Da documentación incorporada ao expediente dedúcese que se trata de adjudicacións realizadas directamente, de forma verbal, polo Alcalde-Pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive, expresamente prohibida polo artigo 37.1 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), que establece que “As entidades do sector público non poderán contratar verbalmente, salvo que o contrato teña, conforme ao sinalado no artigo 120.1, carácter de emerxencia”, que non é de aplicación aos servizos de referencia.*

*Por este motivo interpóñese reparo, de conformidade co disposto nos artigos 216.2.a) e c) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, debido a insuficiencia de crédito e a omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais. O citado reparo ten carácter suspensivo e deberá ser resolto pola Xunta Veciñal da ELM de Bembrive con carácter previo a aprobación das citadas facturas, de acordo co art. 217 do TRLRFL.*

*Segunda. - En virtude do principio xeral do dereito según o cal ninguén pode enriquecerse en detrimento de outro, nace unha obrigación ex lege, e a Administración ha de restituir o enriquecemento. Por tanto, o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos previsto no artigo 60.2 do RD 500/1990, que ven a dar resposta á situación administrativa que nos ocupa, preséntase como un instrumento de gasto para facer efectiva a liquidación prevista no apartado 1 do artigo 42 da LCSP, que trae causa da resolución dun expediente de revisión de oficio e a súa finalidade é evitar o enriquecemento inxusto da Administración, sen prexuízo, no seu caso, da esixencia de responsabilidades.*

*A existencia do procedemento administrativo, neste caso de contratación e de execución orzamentaria, é una garantía de trato de igualdade aos provedores, e de eficiencia e transparencia na xestión pública do gasto, ademais dunha obriga legal.*

*Terceira. - Toda vez que o procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito supón imputar ao orzamento corrente gastos realizados sen contar coa consignación orzamentaria correspondente, a súa utilización debe aplicarse con carácter excepcional,*

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020





## *Entidade Local Menor de Bembrive*

correspondendo a competencia para a adopción do acordo á Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive.

*Cuarta. - No expediente constan as facturas correspondentes, memoria do Alcalde-Pedáneo no que se expón brevemente as causas que impediron a tramitación das facturas conforme aos procedementos previstos na normativa de contratación, así como as dilixencias das mesmas incorporadas nas facturas que conforman o expediente na que expresa a conformidade cos servizos realizados que se describen nos respectivos documentos, en canto a calidade, cantidade e prezo.*

*Quinta. - Cabe sinalar que a contía que representa o gasto derivado do presente expediente supón unha diminución da capacidade de financiamento da ELM de Bembrive en termos de contabilidade nacional, a súa aprobación e execución pon en risco o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria así como o teito de gasto computable, coas consecuencias que se derivan de tales incumprimentos na normativa de aplicación, en particular, incorporar á realización de calquera gasto a certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente asinada pola Interventora desta ELM.*

*A estes efectos, cabe mencionar que como consecuencia do incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación orzamentaria, deberase aprobar un plan económico-financeiro que permita, no ano en curso e no seguinte, o cumprimento do citado obxectivo e da regra de gasto, co contido e alcance previstos nos artigos 21 e seguintes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, nos termos expostos nos sucesivos informes de intervención ás liquidacións orzamentarias.*

*Sexta. - Tendo en conta a situación descrita deben seguir adoptándose as medidas de xestión económica e orzamentarias precisas para evitar que se repita a circunstancia de ter facturas pendentes de aplicar, correspondentes a exercicios pechados para ser aprobadas no vindeiro ano. Así mesmo, deberán establecerse mecanismos de control do gasto no exercicio 2020 que garantan que este se execute previa comprobación da existencia de crédito axeitado e suficiente e da correcta realización das previsións de ingresos, xa que un dos principios esenciais da xestión do gasto público é o da preceptiva existencia de crédito con anterioridade á súa realización. As obrigacións da facenda local nacen aínda que non exista dotación orzamentaria agora ben, para que sexan esixibles e se proceda ao seu pago, en condicións normais, debe existir a correspondente consignación orzamentaria.*

*Neste mesmo orde de ideas e tendo en conta actual coxuntura socio-económica é preciso advertir que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 7.2 dispón que a xestión dos recursos públicos estará orientada pola eficacia, eficiencia, a economía e a calidade, a cuxo fin aplicaranse políticas de racionalización do gasto e de mellora da xestión do sector público.*

*Os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación das Administracións Públicas que afecten aos gastos ou aos ingresos públicos presentes ou futuros, deberán valorar as súas repercusións e efectos e supeditarse estrictamente ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).*

*Os gastos propostos neste REC 6/2020, ao executarse na súa totalidade por conta do capítulo 2 do orzamento e financiarse íntegramente con recursos propios e non con*

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

*ingresos afectados de orixe externa (subvencións e achegas doutras entidades), afectan ou interveñen no cálculo da estabilidade orzamentaria da Entidade, entendida como capacidade ou necesidade de financiamento consonte os criterios establecidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais ou Rexionais. A grandes rasgos e sen prexuízo dos axustes que sexa preciso practicar, en termos xerais se os gastos non financeiros (obrigacións recoñecidas dos capítulos 1 a 7 que xordan da liquidación do orzamento deste ano) son superiores aos ingresos non financeiros (dereitos recoñecidos dos capítulos 1 a 7 liquidados) a entidade local incurriría nunha situación de necesidade de financiamento e inestabilidade orzamentaria, coa conseguinte obrigación de aprobar un plan económico-financieiro nos termos do artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril. En caso contrario, se os ingresos non financeiros son superiores aos gastos a entidade presentará capacidade de financiamento.*

*Feita esta advertencia cómpre indicar que a experiencia do último ano amosa unha situación na que esta Entidade cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria regulado no artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012, arroxando unha capacidade de financiamento de 2.035.878,29 €. Así o demostra os datos da última liquidación aprobada do ano 2017, se ben ese dato débese ao ingreso do xustiprecio polos terreos destinados á obra “Ampliación do CUVI 2º fase” e ao feito de non poder aplicar a modificación de crédito aprobada na Xunta Veciñal o 20/09/2017 por importe de 777.255,18 € debido a situación de excedencia por coidado de familiares da titular do posto de Secretaría-Intervención.*

*Sétima. - Según os datos contidos na base de datos de contabilidade da Entidade, na actualidade existen por diversos motivos alleos a esta Intervención un elevado número de facturas de exercicios anteriores que se atopan pendentes de conformidade, tramitación, aprobación e posterior pago, e outras pagadas pendentes de aplicación ao orzamento.*

*Esta forma de actuar supón unha vulneración sistemática do disposto no artigo 187 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL que establece a orde de prelación de pagos, de tal forma que á hora de realizar a expedición das ordes de pago, terán prioridade as obrigas contraídas nos exercicios anteriores que se atopan pendentes de pago e as que entraron con anterioridade no Rexistro desta Entidade, así como da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común, que recollen a necesidade de tramitar os expedientes por riguroso orde cronolóxico de incoación dos mesmos, determinada, cando se trata de expedientes administrativos de gasto, pola data de presentación da factura no rexistro correspondente.*

*Oitava. - No orzamento vixente existe crédito adecuado e suficiente ao nivel de vinculación xurídica dos créditos establecido na Base 6ª de Execución dos orzamentos da Entidade Local Menor (área de gasto/capítulo) para facer fronte ás obrigas económicas derivadas das actuacións que motivan o presente expediente, sen prexuízo das repercusións orzamentarias que poden resultar desta imputación.*

*Novena. - Unha vez sexa, de ser o caso, adoptado o acordo polo órgano competente, remitírase á Intervención, procedéndose nese momento a efectuar a toma de razón deste.*

*Décima. - O presente informe constará e formará parte do informe que sobre a liquidación do orzamento do presente exercicio debe emitir a Intervención en aplicación do artigo 191.3 do TRLRFL e incorporárase, adicionalmente, ao expediente que sobre a Conta Xeral debe*



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

*formar e redactar esta Intervención en aplicación do artigo 212.2 da normativa anteriormente citada.*

Non se producen máis intervencións.

**ACORDO:** Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos catro membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

#### **4. Subvencións. Concesión de subvención prevista nominativamente nos orzamentos (Expte 70/2020).**

Dase conta da proposta do Sr. Alcalde-Pedáneo de data 26.10.2020, co seguinte contido:

*“En relación co expediente relativo ao asunto referenciado, emito a seguinte proposta, con base aos seguintes, ANTECEDENTES DE FEITO*

*PRIMEIRO. - Vista a solicitude de subvención formulada por Don Manuel Martínez Caride, con DNI 36.090.680-T (RE 260/2020, de data 26 de outubro de 2020), en calidade de representante legal de representante legal do Clube Deportivo Mosteiro Fútbol Sala, con CIF G 36886422, na que solicita subvención ou axuda para contribuír ao financiamento dos gastos ocasionados pola participación no campionato da 2ª división nacional feminina.*

*SEGUNDO. – Atendido o texto do Convenio regulador da subvención nominativa entre a ELM de Bembrive e o Clube Deportivo Mosteiro Fútbol Sala obrante no expediente, e atopado conforme.*

*TERCEIRO.- Atendido o informe que se emitiu por parte da secretaria-interventora de data 26 de Outubro de 2020, que obra no expediente.*

*Considerando que o artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que: “2. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións: a) As previstas nominativamente nos Presupostos Xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións”.*

*Por isto, vistos o informe da secretaria-interventora que obra no expediente, o certificado de existencia de crédito suficiente e necesario para financiar o gasto e o disposto na base 20 Bis: “Subvencións directas” de execución do Orzamento para o exercicio 2020, dispoño que pase o presente expediente para o seu debate e aprobación na vindeira sesión da Xunta Veciñal que se celebre, coa seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

**PRIMEIRO.** - Aprobar o convenio regulador da subvención nominativa entre a Entidade Local Menor de Bembrive e o Clube Deportivo Mosteiro Fútbol Sala, nos termos que figura no expediente.

**SEGUNDO.**- Facultar ao alcalde-pedáneo, Marcos Castro González, para a sinatura do convenio regulador de referencia para a concesión ao Clube Deportivo Mosteiro Fútbol Sala, con CIF G36886422, dunha subvención por importe máximo de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 341.480 do estado de gastos do vixente orzamento para o exercicio 2020, para contribuir a financiar os gastos ocasionados pola participación no campionato da 2ª división nacional feminina.

*Non obstante, a Xunta Veciñal adoptará o acordo que estime oportuno.”*

No expediente consta informe da secretaría intervención desta Entidade emitido o 26.10.2020, cuxa conclusión é “*en vista das anteriores consideracións, e atendendo á lexislación mencionada nos apartados deste informe, esta Intervención informa FAVORABLEMENTE a concesión da subvención, ata un importe máximo de 9.000,00 euros, subvención que deberá rexerse polo convenio de colaboración correspondente.*”

Non se producen intervencións.

**ACORDO:** Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos catro membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

### **5. Proposta de aprobación da II addenda do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”.**

Dase conta da proposta do Sr. Alcalde-Pedáneo de data 26.10.2020, co seguinte contido:

“O día 20.09.2017, a Entidade Local Menor de Bembrive aprobou a proposta da Alcaldía de adhesión ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implementación do proxecto “servizo de administración electrónica para concellos e entidades locais”, que literalmente dicía:

“A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas dispón, con carácter xeral, que os cidadáns non só teñen o dereito a relacionarse coa administración por medios telemáticos, senón que esta debe facilitar o acceso por medios electrónicos dos cidadáns á información e ao procedemento administrativo, con especial atención á eliminación dos obstáculos que limiten dito acceso.

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins xenéricos garantir a prestación integral e adecuada en todo o territorio da provincia dos servizos de competencia municipal, así como a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Concellos e Entidades Locais da provincia, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión.

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



## *Entidade Local Menor de Bembrive*

A ELM de Bembrive solicitou a súa inclusión no proxecto de administración electrónica implantado de forma gratuita pola Deputación de Pontevedra, remitindo a Deputación o Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos da Provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de Administración Electrónica para Concellos e donde se inclúen as Entidades Locales Menores da provincia.

En consecuencia, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo:

- *Primeiro: Aprobar o “Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os Concellos e Entidades Locales Menores da Provincia de Pontevedra cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do “Proxecto Servizo de Administración Electrónica para Concellos e Entidades Locales”, de conformidade ao establecido no borrador achegado e facultar ao Alcalde Pedáneo para a formalización do citado convenio.*
- *Segundo: Remitir certificado do presente acordo a Deputación Provincial de Pontevedra.”*

O día 21.10.2020 recibíuse comunicación de interese para aquelas entidades locais adheridas ao Convenio de colaboración entre esta Deputación e os concellos de menos de 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”, para ampliar a vixencia do convenio ata o 31 de marzo de 2021. Todo elo de conformidade ao disposto no texto do citado documento achegado e que se atopa no expediente.

En consecuencia, propoño á Xunta Veciñal a adopción do seguinte acordo:

*Primeiro: A aprobación da II addenda do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto “Servizo de administración electrónica para concellos”.*

*Segundo: Remitir unha copia da devandita aprobación, ao servizo de Novas Tecnoloxías (a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra), para proceder á sinatura da II addenda antes do vencemento da actual vixente.*

*Non obstante a Xunta Veciñal acordará o que estime pertinente.”*

Non se producen máis intervencións.

**ACORDO:** Sométese o asunto a votación, resultando que por unanimidade dos catro membros presentes (do Sr. Alcalde e dos vocais, Sra. Otero Carrera, Sr. González Domínguez e Sr. Costas Costas), acórdase aprobar a proposta tal como quedou anteriormente transcrita.

## **II. PARTE DE CONTROL:**

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020





## Entidade Local Menor de Bembrive

### 6. Resolucions da alcaldía – pedanía.

De conformidade ao recollido nos art. 22.2 da Lei 7/1985 e art. 42 do RD 2568/1986 polo que se aproba o ROF, pola Presidencia dase conta da relación das resolucions adoptadas pola mesma dende a convocatoria da sesión do 24.09.2020 ata a desta, e que estiveron á disposición dos Sres. e Sras. vogais dende a convocatoria desta sesión:

- 087 23/09/2020 **Aprobación de emisión de orde de pago a xustificar por impte. de 4.000 € a favor da alcaldía pedanía para afrontar custos da XXII Festa da Sidra.**
- 088 28/09/2020 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 1 xustificante de gasto, nº 32/2020 (subministro de caixas de sidra), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 16.722,64 €.**
- 089 29/09/2020 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 16 xustificantes de gasto, nº 33/2020 (obras, subministros e servizos), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 16.136,18 €.**
- 090 30/09/2020 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas dos traballadores desta Entidade correspondentes ao mes de setembro, por 4.958,58 € (importe neto).**
- 091 30/09/2020 **Recoñecemento da obriga de gasto e orde do pago das nóminas dos membros da Xunta Veciñal desta Entidade con dedicación correspondentes ao mes de setembro, por 2.299,05 € (impte. neto).**
- 092 30/09/2020 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 10 xustificantes de gasto, nº 34/2020 (subministros e servizos), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 1.602,29 €.**
- 093 01/10/2020 **Recoñecemento de obriga do gasto e orde de pago a 3 corporativos por asistencia a unha sesión da Xunta Veciñal en setembro 2020, por impte. bruto total de 1.350 €.**
- 094 02/10/2020 **Salvar reparo suspensivo de Intervención e continuar tramitación de expte. e aprobar relación de 1 xustificante de gasto, nº 35/2020 (subministro de caixas de sidra), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, por impte. bruto de 16.722,64 €.**
- 095 02/10/2020 **Recoñecemento da obriga e orde de pago por sentenza 99/20 do Xulgado C-Admvo. 2 de Vigo no P.A. 30/2020, promovido por Asoc. Cultural Treixadura Gaiteiros, condenando ao pago de 9.680 € en concepto de principal.**
- 096 05/10/2020 **Recoñecemento da obriga do gasto e orde de pago ao Concello de Vigo por taxa de exaccions unif. industriais (lixo oficinas) 2020, por impte. de 129,79 €.**

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020



*Entidade Local Menor  
de Bembridge*

- 097 06/10/2020 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 1 xustificante de gasto, nº 37/2020** (subministro de caixas de sidra), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, **por impte. bruto de 16.722,64 €.**
- 098 07/10/2020 **Aprobar relación de 6 xustificantes de gasto, nº 38/2020** (subministros e servizos), e orde de recoñecemento de obrigas con cargo á corresp. partida para seu pago, **por impte. bruto de 5.777,87 €.**
- 099 08/10/2020 Recoñecemento da obriga e **orde de pago de custas no P.O. 4/2017 do C-A 1 de Vigo**, promovido por **Jarma S.L.** por impago de facturas, por impte. de **40 €.**
- 100 13/10/2020 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 1 xustificante de gasto, nº 39/2020** (subministro de caixas de sidra), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, **por impte. bruto de 7.297,68 €.**
- 101 16/10/2020 **Denegar** a Roberto Ballesteros Costas a **expedición de copias de solicitudes** presentadas por Carlos Comesaña Abalde.
- 102 16/10/2020 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 13 xustificantes de gasto, nº 40/2020** (obras, subministros e servizos), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, **por impte. bruto de 10.788,81 €.**
- 103 21/10/2020 **Salvar reparo suspensivo** de Intervención e continuar tramitación de expte. e **aprobar relación de 1 xustificante de gasto, nº 41/2020** (subministro de caixas de sidra), e orde de recoñecemento con cargo á corresp. partida para seu pago, **por impte. bruto de 16.722,64 €.**
- 104 26/10/2020 Convocatoria de sesión ordinaria da Xunta Veciñal para o 29.10.2020 (7 asuntos).

## 7. Rogos e preguntas.

Non se formulan.

E non tendo outros asuntos a tratar, a Presidencia levanta a sesión sendo as 20.24 h. do día indicado de todo o cal, como secretaria, dou fe.

Vº e pr. do Alcalde Pedáneo,

Asdo. Marcos Castro González

A Secretaria Interventora,

Asdo. Patricia Alvarellos Leis

Acta da sesión ordinaria da Xunta Veciñal núm. 8/2020, do 29.10.2020